



EXPERIENCIA: KAYAK NO EMBALSE DO PARQUE NATURAL DO XURÉS

Experiencia en Kayak con aloxamento en vivenda turística e guía privado certificado.

🕒 **Duración:** 1 noite

Duración actividade en Kayak: 4 horas

📅 **Disponibilidade:** de maio a setembro

👤 **Mínimo:** 2 persoas

👥 **Máximo:** 6 persoas

📏 **Distancia para percorrer en Kayak:** 7 quilómetros

🏊 **Nivel:** Básico-medio

🧰 **Equipamento persoal:**

- Ropa cómoda, por capas, segundo a época do ano.
- Levar gorra para o sol e protector solar.
- Pequena mochila para transportar auga e froita.

📋 **Requisitos:** Para maiores de 14 anos

✅ **Inclúe:**

- 1 noite de aloxamento en vivenda turística deportiva.
- Almorzo
- Charla de introdución ao espazo natural protexido e normas.
- Aluguer de Kayak.
- Equipamento de seguridade (casco e chaleco salvavidas).
- Seguro de responsabilidade civil.
- Auga e peza de froita (para o percorrido).
- Pícnic en instalacións deportivas.

Descrición da actividade:

Comezaremos coñecendo o entorno natural nunha pequena charla de 15 minutos que nos introducirá na súa xeografía, recursos patrimoniais, e ademais, coñeceremos medidas de seguridade e protección para o desenvolvemento deste deporte.

Posteriormente, achegarémonos ao embalse para navegar nunha travesía de 4 horas, onde pasaremos por lugares turísticos de relevancia histórica como son o Dolmen da Casiña da Moura, a Casola do Foxo e o Outeiro de Cavalabre, atractivos da cultura galega que se explicarán no percorrido.

Realizaremos varias paradas e iremos a un ritmo que todos poidan seguir, para ir contemplando a natureza e gozar da flora e fauna que se pode avistar.

Finalmente, ao noso regreso ao centro Aviva Sport Center, estarán esperando con unha montaxe para que poidamos degustar algúns alimentos típicos da zona para repor as forzas gastadas durante a travesía.

Descansaremos nunha das nosas vivendas turísticas rústicas totalmente equipada para o descanso e a desconexión.

Prácticas ecolóxicas:

O kayak é un dos deportes máis respectuosos co medio natural que se poden practicar. Debe principalmente a que non utiliza combustibles fósiles, como fan moitas lanchas a motor ou outro tipo de vehículos. Ademais, remar non provoca ningún impacto sonoro ademais do chapoteo da auga, iso significa que non asustará a ningún animal acuático mentres realizas aventuras en kayak.



www.avivacenter.com

www.facebook.com/avivaoutdoorsportcenter

